



¿QUÉ HAI QUE FACER PARA CASAR NO CONCELLO?

As vodas civís no Concello de Ferrol celébranse sempre no Auditorio Municipal do Centro Cultural Torrente Ballester, antigo hospital de Caridade, situado na rúa Concepción Arenal s/n.

Para o casamento civil hai que facer as seguintes xestións:

1. No Rexistro Civil do domicilio

- a) *Tramitar o expediente correspondente.*
- b) *Manifestar que se desexa prestar o consentimento diante do Alcalde de Ferrol.*
- c) *Solicitar un xustificante de inicio da tramitación para presentar no Concello.*
- d) *Unha semana despois da celebración da cerimonia, requirir o libro de Familia.*

2. No Concello (Negociado da Secretaría da Alcaldía-Protocolo)

- e) *Consultar o calendario de datas e horas establecidas.*
 - *Agás festivos e pontes, xeralmente cácase de luns a venres (en horario de oficina), os venres pola tarde e dous sábados ao mes.*
 - *As datas están condicionadas polos actos municipais e polas actividades propias do Auditorio (culturais, sociais, artísticas...).*
- f) *Concretar a data e hora da cerimonia.*
- g) *Aboar a taxa sinalada para o ano 2010 na Ordenanza núm. 33 (terase en conta a renda dos dous contraentes. De non acreditar o nivel de renda mediante a presentación de copia da correspondente declaración, aplicarase o último tramo sinalado:*
 - **Rendas anuais inferiores a 10.000: 50 euros.**
 - **Rendas anuais entre 10.000 e 20.000: 100 euros**
 - **Resto rendas: 211,34 euros.**
- h) *Facilitar copia dos DNI dos noivos ou pasaportes no caso de nacionalidade estranxeira.*
- i) *Cubrir a solicitude de casamento en impreso normalizado que facilita o Negociado da Secretaría da Alcaldía-Protocolo, unindo os documentos sinalados nos apartados c), g) e h), e presentala no Rexistro Xeral do Concello.*
- j) *Dúas semanas antes da celebración é necesario: a) Presentarse no Negociado coas dúas persoas (maiores de idade) que van ser testemuñas do consentimento o día do casamento, provistas do documento nacional de identidade ou do pasaporte no caso de ter nacionalidade estranxeira. b) Concretar os datos da organización, sempre de conformidade co cerimonial aprobado polo Concello.*

CERIMONIAL

<p>1.- Anuncio do comezo da cerimonia</p> <p>2.- Palabras de benvida do Alcalde ou Concelleiro-a en quen delegue.</p> <p>3.- Lecturas dos artigos 66, 67 e 68 do Código civil</p> <p>4.- Fórmula do matrimonio civil</p> <p>5.- Prestación do consentimento</p> <p>6.- Colocación de aneis</p> <p>7.- Lectura pública da acta</p>	<p>8.- Sinaturas das actas</p> <p>9.- Sinaturas no Libro de Vodas do Concello</p> <p>10.-Entrega de certificación da celebración do matrimonio civil</p> <p>11.- Palabras dun familiar ou amigo</p> <p>12.-Brinde con cava pola felicidade do novo matrimonio</p> <p>13.- Palabras de despedida do Alcalde ou Concelleiro-a en quen delegue</p> <p>14.- Entrega dun agasallo institucional</p>
---	--

INFORMACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA CERIMONIA

- 1.- Invitados.- Número aproximado (deben estar no interior do Auditorio antes da chegada dos noivos/as).
- 2.- Aparcadoiro de vehículos.- Entregaránselles aos noivos/as dúas tarxetas de reserva de aparcadoiro na rúa cega inmediata ao Auditorio para dous vehículos autorizados. Deberanse colocar nun lugar visible do parabrisas. Para reservar espazo para un número maior de vehículos, débese tramitar a reserva no Negociado de Facenda (planta baixa do pazo municipal).
- 3.- Música.- A través da megafonía do Auditorio pódense emitir as gravacións de que dispón o Concello para as vodas civís ou outro tipo de música (hai que facilitala en CD, sinalando o número e o título da canción). Tamén poden os/as contraentes contratar persoalmente música en directo. Non están autorizadas conexións á megafonía do auditorio.
- 4.- Flores.- Comunicar si se vai adornar, ben persoalmente ou a través dunha florería, o escenario da cerimonia. Horarios para adornos individuais: 15 minutos antes do comezo da cerimonia e retirada ao finalizar a mesma. Horarios para adornos conxuntos (o Concello facilitará os teléfonos de contacto dos/as contraentes, de non recibir indicacións en contra): 30 minutos antes da primeira cerimonia. O prazo máximo para a retirada é o seguinte día laborable ás ceremonias, antes das 13.00 horas. Si algunha parella non estivera interesada nos adornos florais, serán os contraentes da cerimonia anterior á súa, ou a florería, os que os retiren e volvan a colocalos para a seguinte cerimonia que teñan contratada.
- 5.- Aneis.- No caso de que se utilicen indicar a persoa que os levará.
- 6.- Palabras dun familiar ou amigo.- Pódese contemplar esta intervención, que non debe superar os dous minutos, e da que se facilitará copia por escrito á Secretaría da Alcaldía-Protocolo para incluír no ceremonial.

INFORMACIÓN

Pódese obter calquera aclaración no Negociado da Secretaría da Alcaldía-Protocolo. A persoa que se encarga destas cuestións é a funcionaria Leonor Bermejo, teléfono 981944011/fax 981944017

e-mail: protocolo@ferrol.es